

### **O Conselleiro de Educación tumba no Parlamento por terceira vez en catro meses a proposta do PSOE de implantar unha sección de inglés en Chantada**

Docasar lamenta “a nula vontade política do Goberno galego, pois para nós o apoio á Galicia interior pasa polos feitos e non por promesas que logo non se cumpren. Ademais, ninguén dubida a día de hoxe que a aprendizaxe de idiomas é unha ferramenta de vital importancia que favorece o acceso ao mercado laboral”

Subliña que “gobernar é tomar decisións, pero tamén é, e hoxe máis ca nunca, atender as peticións xustas e razonadas da cidadanía”; todo o contrario, dixo, “do que están a facer vostedes, quenes gastan 1 millón de euros en mini cursos de inglés nos Peares e, pola contra, rexeitan outras coma esta, a sabendas de que é moi rendible socialmente”

Para o socialista, dotar ao IES chantadino da especialidade indicada é “unha cuestión de sensibilidade coa Galicia interior e de respecto ao traballo dos deputados da oposición neste Parlamento, así como á postura defendida polos alcaldes e concelleiros da comarca”, quenes, previamente, tamén manifestaron nos respectivos Plenos o apoio unánime a esta proposta

**SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11 DE XUÑO DE 2014.-** O concelleiro de Educación –Jesús Vázquez- rexeitou este mércores no Pleno do Parlamento de Galicia a petición do Grupo Socialista de que a Xunta implante no curso académico 2014-2015 unha sección de inglés da Escola Oficial de Idiomas de Monforte no Instituto Lama das Quendas de Chantada. Trátase, pois, da terceira ocasión en catro meses que o Partido Popular resposta negativamente á iniciativa formulada polo deputado autonómico –Vicente Docasar-, a pesares de que está respaldada por máis de 160 peticións de veciños dos municipios que integran esta comarca – Chantada, Taboada e Carballedo-, de contar co visto e praxe do claustros de profesores e do Consello Escolar do IES e do apoio unánime das corporacións locais de ditos concellos.

Na súa intervención e logo da decisión adoptada esta tarde polo Grupo do PP, Docasar lamentou “a nula vontade política do Goberno galego, pois para nós, o apoio á Galicia interior pasa polos feitos e non por promesas que logo non se cumpren. Os servizos e, fundamentalmente, os públicos son imprescindibles para axudar a fixar poboación no rural. Por iso, non entendemos este veto, xa que, ademais, ninguén dubida a día de hoxe que a aprendizaxe de idiomas se ten convertido nos últimos tempos nunha ferramenta de vital importancia para favorecer o acceso ao mercado laboral”.

Por este motivo, defendeu que “gobernar é tomar decisións, pero gobernar tamén é, e hoxe máis ca nunca, saber atender as peticións xustas e razonadas da cidadanía”; todo o contrario, dixo, “do que están a facer vostedes, quenes gastan un millón de euros en mini cursos de inglés nos Peares e, pola contra, rexeitan outras coma esta, a sabendas de que é moi rendible socialmente”.

#### **“Non teñen vostedes ningún respecto”**

Para o socialista, dotar a dito IES da especialidade indicada é “unha cuestión de sensibilidade coa Galicia interior e de respecto polo traballo dos deputados e deputadas da oposición neste Parlamento, así como á postura defendida polos alcaldes e concelleiros do seu partido na

comarca", quenes, previamente, tamén manifestaron nos respectivos Plenos o apoio unánime a esta proposta.

Neste senso, sinalou que "se vostedes pensan que esta é a maneira de desprestixiar o valor da política, equivócanse de raíz"; motivo polo que lles pediu aos deputados do PP que "se baixen do pedestal da soberbia e escoiten á xente común".